

## DECRETO DA ALCALDÍA

**ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE FEBREIRO 2020**

**EXPEDIENTE:2020/G003/000476**

### **ANTECEDENTES:**

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

**Primeiro.** Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves, día 27 de febreiro de 2020, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

### **ORDE DO DÍA:**

#### **A) PARA DAR CONTA:**

1. Dar conta ao pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.
2. Dación de conta da Información periódica a render ao Pleno, correspondente ao 4º trimestre do exercicio 2019.
  - 1º Execución do orzamento ao remate do 4º trimestre 2019, en execución do acordo plenario de data 22/11/2018.
  - 2º Período medio de pago, de acordo co previsto no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo.
  - 3º Información trimestral de morosidade.

#### **B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:**

3. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 30.01.2020)
4. Inadmisión de recurso de reposición fronte acordo plenario de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI) do Concello de Ames.
5. Aprobación da constitución asociación do camiño Fisterra e Muxía. Aprobación dos Estatutos e designación de representante municipal.
6. Aprobación do plan estratéxico de subvencións do Concello de Ames. Período 2020-2022.
7. Revogación do Convenio de colaboración para uso compartido da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña.
8. Aprobación provisional da modificación do Regulamento de réxime interior da

escola infantil municipal A Madalena do Concello de Ames.

9. Aprobación provisional da modificación do Regulamento de réxime interior da escola infantil municipal O Bosque do Concello de Ames

10. Convenio coa Deputación Provincial da Coruña para a colaboración na inspección do imposto sobre actividades económicas e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

11. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), en relación co estado da estrada AC 453 entre Tapia e Portomouro (R.E. núm 20200000001539 do 13.02.2020).

### C) MOCIÓNS.

### D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

12. Rogos e Preguntas.

**Segundo.-** Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditálo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

**Terceiro.-** Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo